

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DE OURENSE

Ourense, 26 de abril de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da **Axencia de Turismo de Galicia**, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).


Doutra, D. Rosendo L. Fernández Fernández en representación do **Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE)**, na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren o artigo 12.2.a) dos estatutos do INORDE, aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004, publicados no BOP do 5 de outubro de 2004.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeira.- Que a Axencia Turismo de Galicia créase como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establecendo como obxectivo desta o de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.



Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segunda.- Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o INORDE é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.


O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sustentable de toda a provincia. Os seus Estatutos, publicados no nº 231 do BOP de Ourense do 5 de outubro de 2004, establecen entre outros obxectivos o de “impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia” (art. 3.f).

Así mesmo, o artigo 4.1. f) establece que para acadar os seus obxectivos o INORDE poderá “promover e establecer acordos técnicos e económicos de todo tipo de empresas, organismos, institucións, asociacións e expertos que poidan contribuír ao cumprimento dos obxectivos do INORDE” engadindo no punto 2 que “para o exercicio das súas funcións, o INORDE disporá das mesmas potestades administrativas que a lei lle atribúe á Deputación”.

O INORDE como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio, sendo os obxectivos que se pretenden acadar a través del:

- 1.- Desestacionalización da oferta turística.
- 2.- Elaboración e promoción de produtos turísticos centrados no termalismo e no deporte.
- 3.- Promoción de produtos turísticos en mercados de proximidade.

As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.





Terceira.- Que a sinatura dun convenio de colaboración co INORDE é a canle máis apropiada para asegurar un desenvolvemento turístico equilibrado na totalidade do territorio da provincia, garantindo así a eficacia e a eficiencia dos recursos dedicados á promoción turística. As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza provincia Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse cumprimento ao establecido na liña estratéxica 6 do Plan Integral de Turismo de Galicia que no seu punto sexto establece a necesidade de establecer actividades de cooperación interadministrativas a través de convenios de colaboración coas deputacións provinciais.

Cuarta.- Que, polo exposto, concorren, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que coas actuacións obxecto do presente convenio contribúese á promoción non só da provincia senón da Comunidade Autónoma e a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, así como ao fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, ao ser o INORDE a única entidade competente para a realización do seu obxecto.

O INORDE é un organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Deputación Provincial. O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sustentable de toda a provincia. Os seu Estatutos, publicados no nº 231 do BOP de Ourense do 5 de outubro de 2004, establece entre outros obxectivos o de “impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia” (art. 3.f).

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

- 1.- Promoción de Galicia en Xeral e de Ourense en particular no Campionato de Europa Junior de Rallies.
- 2.- Promoción de Galicia e Ourense no evento Gladiator Race Nocturno Via Nova en Muíños.
- 3.- Evento "Trail Xures".
- 4.- Eventos Ciclistas na provincia: Ourense Strade Termal, Arnoia Termal Bike e Ribeira Sacra Ourense Termal.
- 5.- Actos de promoción de remo, vela e piragüismo 2021 en Ourense para potenciar o Centro de Entrenamento de Laias-Arnoia e Castrelo de Miño (CERLAC).
6. BlogTrip: Ribeiro Saudable.

Todas elas son accións que teñen como obxectivo favorecer o coñecemento de Galicia como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a sesenta e dous mil cincocentos euros (62.500,00 €), co seguinte desagregamento:

ACCIÓN	IMPORTE €
1.- Promoción de Galicia en Xeral e de Ourense en particular no Campionato de Europa Junior de Rallies.	18.000
2.- Promoción de Galicia e Ourense no evento Gladiator Race Nocturno	8.000



Via Nova en Muiños.	
3.- Evento "Trail Xures".	8.000
4.- Eventos Ciclistas na provincia	18.000
5.- Actos de promoción de remo, vela e piragüismo 2021 en Ourense para potenciar o Centro de Entrenamento de Laias-Arnoia e Castrelo de Miño (CERLAC).	4.500
6. BlogTrip: Ribeiro Saudable.	6.000
TOTAL CONVENIO	62.500

A Axencia Turismo de Galicia achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021 cincuenta e dous mil euros (52.000,00 €), que se imputarán á aplicación 05.A2.761A.760.3, na que existe crédito adecuado e suficiente. Esta achega destinarase ao financiamento das devanditas accións conforme ao custe estimado no anexo I do convenio.

O orzamento necesario para completar a execución do resto de accións previstas será aportado polo Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) que realizará unha achega total de dez mil cincocentos euros (10.500,00 €), financiada con fondos propios dos seus orzamentos.

Terceira.- Compromisos das partes

1. O INORDE asume os seguintes compromisos:

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.

- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca do Xacobeo 2021, de acordo co manual de

identidade visual, aprobado polo Decreto 167/2018, do 29 de novembro, polo que se regula a utilización da marca Xacobeo 2021 (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019).


- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.

- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno a, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006,





do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño que resulten aplicables.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento de subvención e polo importe establecidos na cláusula segunda.

Cuarta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sexta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que o INORDE deberá presentar:



- Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.

- Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que contará:

a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.

c) Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.

d) No caso de ser financiadas as actividades, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co disposto no artigo 28.6 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia, así como a marca do Xacobeo 2021.

Deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outra parte, a entidade deberá presentar unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de

conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación precisa que veña establecida na normativa reguladora de subvencións en relación coa xustificación do convenio.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e, de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2021.

3. O prazo para xustificar por parte do INORDE a aplicación dos fondos percibidos remata o 1 de decembro de 2021.


A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto na cláusula segunda, e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía proporcional ao importe xustificado.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

Sétima.- Pagamentos anticipados

De acordo co artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do



100% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia O INORDE queda exonerado da constitución de garantía

Oitava.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por dous representantes por cada unha das entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:


- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Novena.- Modificación do convenio e causas de resolución.

1. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.



As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Catedral de Santiago deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos



da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio. Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

1. En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

2. Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo terceira.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios



electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo quinta.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade asinan o presente Convenio

POLA AXENCIA TURISMO DE GALICIA

Alfonso Rueda Valenzuela

POLO INORDE


Rosendo L. Fernández Fernández





ANEXO I

ACCIÓN	IMPORTE
1.- Promoción de Galicia en Xeral e de Ourense en particular no Campionato de Europa Junior de Rallies.	18.000
2.- Promoción de Galicia e Ourense no evento Gladiator Race Nocturno Via Nova en Muíños.	8.000
3.- Evento "Trail Xures".	8.000
4.- Eventos Ciclistas na provincia	18.000
Subtotal correspondente á Axencia de Turismo de Galicia	52.000,00 €
5.- Actos de promoción de remo, vela e piragüismo 2021 en Ourense para potenciar o Centro de Entrenamento de Laias-Arnoia e Castrelo de Miño (CERLAC).	4.500
6. BlogTrip: Ribeiro Saudable.	6.000
Subtotal correspondente ao INORDE	10.500,00 €
TOTAL CONVENIO	62.500,00 €


INORDE
DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE